Para celebrar a semana das Letras Galegas, imos recordar, desmontar e crear poesía ou, mellor dito, pareados. Apetécevos?

# A xirafa!!



O meu pescozo pódese estirar,
máis alto do que podes imaxinar,
e se eu quixera demostrar
ata onde pode chegar,
perderiades de vista a miña cabeza, sen dubidar.

Este pescozo meu non ten comparación!
É unha torre de incrible diversión!
Tanto se pode estirar
que co sol podería chocar
e na miña cabeza sairíame un chichón!

Meu pescozo é algo fenomenal!
Coma un acordeón entra e sae ata o final.
É sumamente elástico!
Totalmente fantástico!
É tan marabilloso que me poño a cantar!

Busca na canción da Xirafa palabras que rimen con estas.

- Xantar ➢ ......................................................................................................................
- Camaleón ➢ ........................................ e ........................................... .
- Sentimental ➢ ..................................... e ........................................... .
- Plástico ➢ ............................................ e ........................................... .
- Realmente ➢ ....................................... e ........................................... .

Pensa, busca e escribe palabras que rimen con estoutras:

- Dragón ➢ ............................................ e ................................................ .
- Pirata ➢ ................................................ e ................................................ .
- Tartaruga ➢ .......................................... e ................................................ .
- Estrela ➢ ............................................... e ................................................ .
- Reloxo ➢ .............................................. e ................................................ .

Na clase, antes de que nos invadise o Covid-19, traballamos a poesía e fixemos algunha poesía que outra. Sei que a algúns de vós non vos gusta a poesía porque decides que non a entendedes ou é un pouco difícil de ler (hai que pór sentimento) Ao mellor tedes razón pero ao mellor non! A caso, non vos gustan as letras das cancións? Pois poesías son…

Hoxe propóñovos que fagades uns **PAREADOS INVENTADOS** para que rimen así de ben! (Recordade! Os pareados só teñen dous versos!)

Empezo eu e seguides vós!!



- Achégase o verán sole**ado**
  cheo de nenos emocion**ados**.

- Regáloche un bico con col**or**

  Para que che cante un ruiseñ**or**.





……………………………………………………………

……………………………………………………………

……………………………………………………………

……………………………………………………………






……………………………………………………………

……………………………………………………………

……………………………………………………………

……………………………………………………………





……………………………………………………………

……………………………………………………………